C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 30 DE XANEIRO DE 2015

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día trinta de xaneiro do ano dous mil quince, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. José Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

- Dª. Mª Montserrat Magallanes Álvarez
- D. Miguel Angel Español Otero
- D. Paulino Rodríguez González
- Dª. Mª Teresa Vicente Baz
- D. Antonio Lomba Baz
- D. Manuel Javier Crespo González
- Dª. Carmen Mª Castro González
- Dª. Mª de Fátima Iglesias Ferreira
- D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
- D. Antonio Fontenla Martínez
- Dª. Hortensia Mª Vicente Santiago
- D. Javier González Verde
- Dª.Carmen Gloria Fernádez Ozores
- D. Xan Lois Lomba Alonso
- Dª. Hortensia García Díaz
- Dª. Beatriz Estévez Álvarez

Actúa como Secretaria a da Corporación dona Julia Mª Carrasco González-Alegre.

Asiste a Interventora municipal, dona Ana Llorca Maneiro.

Antes de pasar a tratar os asuntos que conforman a orde do día, o señor Alcalde anuncia que por un erro non se reflexou na orde do día a dación de conta da aprobación do orzamento para o exercizo 2015 a través de acordo da Xunta de Goberno Local, o que de acordo coa normativa actual aplicable é de obrigado cumprimento, polo que pide que sexa votada a urxencia para a inclusión dese punto na orde do día.

A señora Estévez Álvarez pregunta se foi corrixido o erro existente coa denominación dos grupos políticos, contestando o señor Alcalde que non existiu tal fallo, foi corrixido e notificada a corrección ós grupos antes da aprobación.

O señor Lomba Alonso di que se trata dun dar conta, non hai debate, e isto pon de manifesto a forma de actuar do equipo de goberno; se fai pola porta de atrás para dar conta no Pleno. Recorda que esta forma de actuar foi duramente criticada polo PSOE no Parlamento, pois pensaban que a medida de aprobar o orzamento pola Xunta de Goberno non era democrática nin axeitada.

Sometida a votación a urxencia, acada o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións).

A secretaria advirte que non prospera a urxencia, dado que require o quorum da maioría absoluta.

O señor Alcalde recoñece que non advertiu desta necesidade ós membros da Corporación, sinalando a señora Iglesias Ferreira e o señor Lomba Alonso que a súa intención era non opoñerse á urxencia, polo que solcitan a repetición da votación.

Sometida a urxencia o asunto foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (dezaséis votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sra. Estévez Álvarez (unha abstencións).

Dase conta do seguinte acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de decembro de 2014:

"Sometido ó Pleno do Concello da Guarda o acordo de aprobación inicial do orzamento do Concello da Guarda, que inclúe o orzamento do Padroado Monte Santa Trega correspondente ó exercizo 2015, sen que alcanzara en primeira votación a maioría necesaria para a súa aprobación, en aplicación da Disposición Adicional 16ª da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local, a Xunta de Goberno Local do Concello da Guarda adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Orzamento Consolidado do Concello de A Guarda para o exercizo económico do ano 2015, que ascende á cantidade de **SEIS MILLÓNS DOUSCENTOS CINCUENTA E SEIS MIL SEISCENTOS VINTE E DOUS EUROS (6.256.622,00 €),** as súas bases de execución, o anexo de persoal, o anexo de inversións, e demais documentación engadida no expediente.

A aprobación do orzamento consolidado supón a aprobación do orzamento do Concello de A Guarda para o exercizo económico 2015 por importe de **SEIS MILLÓNS SETENTA E CATRO MIL CENTO VINTE E DOUS EUROS (6.074.122,00 €)** e a aprobación do orzamento do Padroado Municipal para o exercizo económico 2015 por importe de **CENTO OITENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (182.500,00€).**

A aprobación do orzamento do Concello de acordo co seguinte resumo:

C O N C E L L O
A G U A R D A

(PONTEVEDRA)

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	**DENOMINACIÓN**	**EUROS**	**CAP.**	**DENOMINACIÓN**	**EUROS**
	OPERACIÓNS			**CORRENTES**	
1	Gastos de Persoal	2.510.990,96	1	Impostos directos	1.417.034,78
2	Gastos en bens Correntes	2.701.255,24	2	Impostos indirectos	55.620,00
3	Gastos financeiros	13.000,00	3	Taxas	1.516.808,80
4	Transferencias Correntes	365.526,13	4	Transferencias Correntes	2.744.541,25
5			5	Ingresos patrimon.	22.000,00
	OPERACIÓNS			**CAPITAL**	
6	Inversións Reais	324.349,67	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	2.000,00	7	Transf. capital	312.117,17
8	Activos financeiros	6.000,00	8	Activos financeiros	6.000,00
9	Pasivos financeiros	151.000,00	9	Pasivos financeiros	0,00

	TOTAL	**6.074.122,00**		**TOTAL**	**6.074.122,00**

A aprobación do orzamento do Padroado de acordo con seguinte resumo:

ESTADO DE GASTOS			ESTADO DE INGRESOS		
CAP.	**DENOMINACIÓN**	**EUROS**	**CAP.**	**DENOMINACIÓN**	**EUROS**
	OPERACIÓNS			**CORRENTES**	
1	Gastos de Persoal	88.219,72	1	Impostos directos	0,00
2	Gastos en bens Correntes	37.900,00	2	Impostos indirect.	0,00
3	Gastos financeiros	200,00	3	Taxas	179.000,00
4	Transferencias Correntes	0,00	4	Transferencias Correntes	0,00
5			5	Ingresos patrimon.	3.500,00
	OPERACIÓNS			**CAPITAL**	
6	Inversións Reais	56.180,28	6	Alleamento	0,00
7	Transferencias Capital	0,00	7	Transf. capital	0,00

8	Activos financeiros	0,00	8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	**182.500,00**		**TOTAL**	**182.500,00**

SEGUNDO: Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ó público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que durante o prazo de quince días hábiles, os interesados indicados no artigo 22.1 do R.D. 500/90 poderán examinalo e formular as reclamacións a que se refire o apartado 2 do artigo citado.

TERCEIRO: O Orzamento considerase definitivamente aprobado se durante o período citado non se presentaran reclamacións, entrando en vigor, previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos do mesmo.

CUARTO: Remitir copia do Orzamento aprobado ós órganos competentes do Estado e Comunidade Autónoma."

Os membros presentes danse por enteirados.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes

PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTAS SESIÓNS ANTERIORES (Ord. 28/11/2014; extraord.22/12/2014).

A señora Estévez Alvarez non ten nada que dicir.

A señora García Díaz non ten nada que dicir sobre as actas.

A señora Iglesias Ferreira di que na paxina 3 da acta ordinaria, na súa intervención, hai un errro de transcrición, pide que se corrixa.

Sometida a votación a **acta de 28.11.2014, coa corrección antedita,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

Sometida a votación a **acta de 22.12.2014,** foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR**: Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Rodríguez

González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, González Verde, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DE DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

O señor Lomba Alonso dase por enteirado.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada.

PUNTO 3º.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA CONTA XERAL 2013.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"Formulada e rendida a Conta xeral do Orzamento deste Concello, correspondente ao exercicio económico de 2013, informada pola Comisión especial de Contas, en sesión de data 13 de novembro de 2014, e exposta ao público dende o 20 de novembro ata o 19 de decembro de 2014, sen que se presentasen reclamacións, esta alcaldía en cumprimento do disposto no artigo 212.4 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Concello da Guarda correspondente ao exercizo 2013."

A señora Estévez Álvarez di que non hai cambios polo que mantén o seu voto.

O señor Lomba Alonso di que despois dunha profunda reflexión, poñendo por diante a responsabilidade do equipo de goberno, en relación coa Conta Xeral o co orzamento, e vendo que non van permitir tales irresponsabilidades, o BNG vai facilitar a aprobación coa súa abstención. Di que non está de acordo coa Conta, froito duns orzamentos que non dan solución ó pobo, pero farán un acto de responsabilidade.

A señora Iglesias Ferreira di que entenden que dar traslado da Conta para a súa fiscalización externa é algo legalmente esixible, e farán un acto de responsabilidade, pero queren deixar claro que non supón a súa conformidade nin a súa responsabilidade sobre a Conta, se trata dunha aprobación case burocrática, lamentan que a concelleira de facenda non mida as súa intervencións en relación con este asunto, pois eles non son responsables da perda de subvencións nin da participación nos tributos do Estado. Non serán impedimento para a rendición da Conta.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso e García Díaz (oito abstencións).

PUNTO 4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE PRÓRROGA DO CONTRATO DE COLABORACIÓN NA XESTIÓN TRIBUTARIA, CENSAL, INSPECTORA E RECADADORA DO CONCELLO DA GUARDA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Con data 1 de febrero de 2010 se levou a cabo a formalización coa empresa "Servicios de Colaboración Integral , S.L." do contrato de colaboracion na xestion tributaria, censual, inspectora e recadadora do Concello da Guarda, para dar cobertura á realización de traballos de apoio á xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria que non impriquen exercicio de autoridade nin custodia de fondos públicos, en orden á cobranza dos recibos e certificacións dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público xestionados polo Concello da Guarda.

Tendo en conta o disposto na claúsula terceira do devandito contrato, na que se establece que o contrato poderá prorrogarse de forma expresa por períodos anuais, se media mutuo acordo entre as partes, sen que a duración total do mesmo, incluídas as prórrogas, poida exceder de seis anos, e recibido escrito da empresa no que manifesta a súa conformidade para continuar coa prestación do servizo, por parte desta Alcaldía se considera axeitada a prórroga do contrato, dado que os servizos se prestan de modo satisfactorio para o Concello da Guarda, sendo o Pleno o órgano competente para acordala

Por todo o exposto, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- O Concello da Guarda acorda a prórroga durante un ano do contrato coa empresa "Servicios de Colaboración Integral , S.L." para levar a cabo a colaboracion na xestion tributaria, censual, inspectora e recadadora do Concello da Guarda, para dar cobertura á realización de traballos de apoio á xestión tributaria, censual, inspectora e recadatoria que non impriquen exercicio de autoridade nin custodia de fondos públicos, en orden á cobranza dos recibos e certificacións dos tributos, prezos públicos e demais ingresos de dereito público xestionados polo Concello da Guarda.

2.- Facultar ó señor Alcalde para a realización dos trámites de formalización da devandita prórroga.

3.- Notificar o presente acordo á empresa "Servicios de Colaboración Integral , S.L."

A señora Estévez Álvarez di que se trata dun trámite necesario, polo que non será impedimento.

O señor Lomba Alonso di que no Pleno de hai un ano advertiron de ir facendo os novos pregos, pero non está feito. En xaneiro de 2014 dixeron que o equipo de goberno debería facer uns pregos para que non pasara como coa piscina. Di que o Concello debería ter en conta a contía e mirar se pode facerse por xestión directa, piden que se estude esa vía, pero non van ser impedimento para que o acordo prospere.

O señor Fontenla Martínez quere recordar tamén o Pleno de hai un ano, cando se acordou a primeira prórroga, e dalles pena que os habitantes do Concello non poidan cambiar o sistema

de tributación, buscar opción e novas fórmulas, a través dun novo prego, pois dixeron que era a última vez que se prorrogaba. Hai poucas posibilidades, pois se non prospera esta proposta deberían facer unha nova contratación a correr, pero queren deixar claro que as prórogas continuadas suponen a perda de oportunidades dos veciños para mellorar nestes aspectos.

Intervén o señor Español Otero e agradece ós grupos a súa postura, encaixa o que lles toca, o compromiso non se cumpriu, pero a prórroga vai en beneficio do pobo.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González e Castro González (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (nove abstencións).

PUNTO 5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE SUPRESIÓN DE DEDICACIÓN PARCIAL Ó CONCELLEIRO DELEGADO DE SERVIZOS, SEGURIDADE E TRÁFICO.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

O Pleno do Concello da Guarda, en sesión de data 29 de xullo de 2011 adoptou o acordo de outorgar o réxime de dedicación parcial ó concelleiro delegado de servizos, seguridade e tráfico, cunha retribución anual de catorce pagas brutas de 1300,59 euros.

Presentado en data 22 de xaneiro de 2015 escrito polo concelleiro delegado de servizos, seguridade e tráfico, no que manifesta a imposibilidade por motivos persoais de facer fronte ás responsabilidades derivadas da dedicación parcial concedida, e polo tanto solicita deixar de percibir as retribucións derivadas da mesma, e tendo en conta o disposto no artigo 75 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de Base de Réxime Local, e o artigo 13 do ROF, dado que a competencia en materia de determinación do réxime de dedicación parcial dos corporativos corresponde o Pleno do Concello, formulase a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- Supresión da dedicación parcial do concelleiro delegado de servizos, seguridade e tráfico pola imposibilidade manifestada de facer fronte ás responsabilidades derivadas da mesma, e polo tanto, retirar as retribucións que da mesma se derivan, con efectos dende o día 1 de febreiro de 2015.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo ó interesado, ó departamento de Intervención municipal e publicalo no Boletín Oficial da Provincia."

A señora Estévez Álvarez di que non vai dicir nada.

O señor Lomba Alonso pregunta se esta dedicación se suprime ou se vai trasladar a outro concelleiro, contestando o señor Alcade que se va continuar coas mesmas.

O señor Lomba Alonso di que esperan que sexa por algo bó, e quere aclarar que o BNG criticou esta dedicación, non á persoa, pois á persoa deséxalle o mellor.

A señora Iglesias Ferreira non se vai pronunciar, é unha decisión persoal. Eles non aprobaron esta dedicación, e preguntan se conlevará unha modificación no orzamento, contestando a señora Interventora que na partida quedará crédito, pero non se gastará, pode pasar a outras partidas.

O señor Rodríguez González di que se trata dunha cuestión persoal e agradece as palabras dos grupos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso e García Díaz (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores e Estévez Álvarez (sete abstencións).

PUNTO 6º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CAMBIO DE NOME DE RÚAS.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Tendo en conta as reclamacións dos veciños para solventar os problemas derivados da asignación confusa e errónea de dirección na zona situada entre a estrada a Baiona e a praia Area Grande, e tra-la reunión dunha comisión formada por veciños e representantes municipais, se acordou que a mellor solución é asinarlle o nome de Rosentes ás rúas que ata agora tiñan o nome de Rosentes, A Judela ou A Judela-Rosentes.

Por todo isto propoño ó Pleno a adopción do seguinte ***acordo:***

1.- *Aprobar a denominación de "Rúa Rosentes" ás rúas que ata agora tiñan o nome de Rosentes, A Judela ou A Judela-Rosentes, segundo os límites sinalados no plano que se incorpora ó expediente."*

A señora Estévez Álvarez di que se acordou nunha reunión cos veciños, votará a favor.

O señor Lomba Alonso di que o BNG xa cando se tratou dixo que sempre que houbera acordo cos veciños o apoiaría. Votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira vai na mesma liña que os outros grupos, e pregunta se houbo outra reunión cos veciños despois do 25 de novembro. Di que o punto fala de cambio de nome, e pregunta por outras cuestións, como se pediron informe de Correos para a nova numeración.

O señor Español Otero di que a proposta supón o cambio de nome e implica unha renumeración en toda a zona. Falouse co Xefe de Correos e co carteiro da zona, e non miran obstáculos. Se tratará de respectar e tratar de facer os mínimos cambios posibles, aínda non está concretado, deberán facer traballo de campo e numerar solares baleiros para o futuro.

Sometida a votación a proposta foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

(Abandona a sesión a señora Interventora, 20:30 horas).

PUNTO 7º.- MOCIÓNS.

RE nº 7626 do BNG: Moción sobre a modificación das condicións de adhesión a SOGAMA.

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA GUARDA

Xan Lois Lomba Alonso, membro do grupo municipal do BNG diante desta corporación comparece e como mellor proceda di:

Que por medio do presente escrito vén a presentar a seguinte,

MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE ADHESIÓN A SOGAMA

1-Exposición de motivos:

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a *"Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestion institucional de residuos domésticos".*

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orza-mentaria sen negociación previa. Para alen disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Gobernó galego neste confuto, ao impor agora

unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as "novas" condicións eos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordó coas entidades locáis. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución reco-ñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locáis. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o estabelecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condición realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria "exprés" sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locáis. Ademáis, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dése xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademáis, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta deberá estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte **ACORDO**

1. Interpór recurso contencioso-administrativo contra a "Resolución da Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se estabelecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.

2. Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.
3. Instar ao Goberno galego a colaborar económicamente eos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.

A señora García Díaz di que é un abuso, se dan patente de corso a SOGAMA e resulta inaceptable e un despropósito.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo, se ben dubida do punto primeiro, pois botan de menos un informe xurídico sobre se o poden facer.

A señora Iglesias Ferreira pregunta quen tería que interponer ese recurso contencioso-administrativo, e pregunta se o Concello xa o fixo.

O señor Español Otero di que o grupo de goberno está de acordo co fondo da moción, entenden que, igual que fixeron outros Concellos, o Concello da Guarda debería facer un requerimento previo á Consellería, e tempo haberá para interpoñer o recurso. Propón interponer un requerimento previo de anulación e se non chega a bó porto, se estudiaría o recurso. Aprobarían a moción, pero que o primeiro paso sexa facer un requerimento previo.

A señora García Díaz di que está de acordo.

O señor Alcalde propón que a semana próxima se estudiará se hai fundamento.

A secretaria explica que a opción do requerimento previo está contemplada na lei de xurisdicción contencioso-administrativa.

O texto quedaría como segue no punto primeiro:

…"interpor, ó abeiro do artigo 44 da Lei 20/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa requerimento previo ante *a "Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" , e de ser preciso, previos os informes pertinentes, interpor recurso contencioso-administrativo contra a citada resolución, solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme."*

Así, coa corrección antedita, a moción quedaría redactada como segue:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA GUARDA

Xan Lois Lomba Alonso, membro do grupo municipal do BNG diante desta corporación comparece e como mellor proceda di:

Que por medio do presente escrito vén a presentar a seguinte,

MOCIÓN SOBRE A MODIFICACIÓN DAS CONDICIÓNS DE ADHESIÓN A SOGAMA

1-Exposición de motivos:

A Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas vén de publicar a *"Resolución de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestion institucional de residuos domésticos".*

A devandita disposición é consecuencia da subida unilateral do canon satisfeito polos concellos polo tratamento do lixo que se encomenda a SOGAMA, un incremento que tivo contestación por parte de moitos concellos da Galiza, ao ser unha medida unilateral imposta nunha norma orza-mentaria sen negociación previa. Para alen disto, o tempo demostrou non seren certas as cifras que se manexaban para argumentar unha suba absolutamente desproporcionada dentro dun sistema que nin tan sequera cumpre os criterios básicos de respecto aos mínimos criterios ambientais que os concellos deben esixir e que a sociedade demanda.

O desenvolvemento da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para 2014, vén a profundizar no talante autoritario amosado polo Gobernó galego neste confuto, ao impor agora unilateralmente, en comanda con SOGAMA, as novas condicións de adhesión ao sistema de tratamento de lixo, sen sequera ter comunicado, e moito menos negociado, as "novas" condicións eos concellos afectados.

Estamos, pois, perante unha actuación desafortunada, que violenta non só o principio de autonomía local, senón a imposición dunhas novas condicións sen ningún tipo de diálogo e acordó coas entidades locáis. De feito, nin tan sequera esta modificación se negociou e pactou coa FEGAMP.

As competencias en materia de xestión de residuos municipais, como a propia Resolución reco-ñece na exposición de motivos, exércense en cooperación coas entidades locáis. Xa que logo, ao non tratarse dun servizo cuxa responsabilidade se atribúe a unha única administración, o estabelecemento das condicións para a súa prestación, e das relacións entre os distintos operadores do sistema, teñen que ser previamente consultadas e negociadas.

Neste caso, os concellos tiveron coñecemento polos medios de comunicación e o Diario Oficial de Galiza que, en apenas no prazo de dous meses, teñen que formalizar as novas condicións de adhesión ao sistema de xestión de residuos de SOGAMA. E estas novas condición realízanse baseándose nunha disposición normativa aprobada nunha lei orzamentaria "exprés" sen que existise un consenso previo mínimo coas entidades locáis. Ademáis, o novo modelo substitúe os convenios vixentes, que foran consensuados e negociados en cada caso concreto, e incorpora aspectos que inciden na arbitrariedade e persecución, algo intolerábel nun réxime democrático baseado na lealdade e no respecto institucional. Outorga a SOGAMA un papel preponderante á hora de interpretar os contratos e determinar a esixencia das futuras débedas, ao ser o seu requirimento o que habilita a retención dos importes ao Fondo de Cooperación Local. Dése xeito, o propio órgano encargado da xestión do Fondo convértese en simple instrumento recadador de SOGAMA, sen que os concellos poidan acudir a ningún mecanismo de resolución de conflitos no caso de estimaren abusiva a facturación de SOGAMA. Neste caso, ademáis, xa se está a anunciar a aplicación de medidas concretas contra determinados concellos que, por fórmulas democráticas e legais, discuten este modelo de adhesión e subas unilaterais, polo que estamos ante unha versión anovada de persecución e caza de bruxas.

En suma, o Goberno galego persiste en identificar a viabilidade do sistema de xestión de residuos coa supervivencia económica de SOGAMA, no canto de estudar alternativas que superen un modelo caduco, tanto pola súa insolvencia económica como ambiental.

Para o BNG, a Xunta deberá estar nestes momentos traballando para fomentar alternativas a SOGAMA e colaborar e dialogar neste ámbito. Pola contra, comprobamos como pretenden continuar coas imposicións autocráticas e intentan frustrar as alternativas que neste ámbito puideren xurdir.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte **ACORDO**

1. Interpor, ó abeiro do artigo 44 da Lei 20/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa requerimento previo ante *a "Resolución da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 15 de decembro, pola que se establecen as condicións para a adhesión ao sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos" , e de ser preciso, previos os informes pertinentes, interpor recurso contencioso-administrativo contra a citada resolución, solicitando a suspensión cautelar desta entanto non haxa un pronunciamento xudicial firme.*
2. Instar ao Goberno galego a restaurar o diálogo e o respecto á autonomía local no funcionamento de SOGAMA.
3. Instar ao Goberno galego a colaborar económicamente eos concellos da Galiza que pretendan impulsar tratamentos alternativos a SOGAMA e que estean baseados no fomento da reciclaxe fronte á incineración.

Sometida a votación a moción foi aprobada por co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (once votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago e Fernández Ozores (seis votos en contra).

RE nº 198 do BNG: Moción sobre creación dunha tarifa eléctrica galega.

(Sae o señor Español Otero, 20:50 horas).

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA GUARDA

Xan Lois Lomba Alonso e Hortensia García Díaz, membros do grupo municipal do BNG diante desta corporación comparecen e como mellor proceda di:

Que por medio do presente escrito venen a presentar a seguinte,

MOCIÓN SOBRE A CREACIÓN DUNHA TARIFA ELÉCTRICA GALEGA

Exposición de motivos

O sector enerxético ten para Galiza un valor estratéxico, polo que representa no seu Produto Interior Bruto e por ser un factor relevante para a produción industrial.

A pesar desa importancia, Galiza apenas contou con capacidade para deseñar e aplicar unha estratexia enerxética propia, orientada a un aproveitamento endóxeno dos seus recursos enerxéticos. Ao longo de anos, por decisións políticas, Galiza foise especializando na xeración de electricidade. Dese xeito, desempeñou un papel de centro subministrador de enerxía eléctrica para o resto do Estado español, con base no seu potencial hidroeléctrico e nos xacementos de carbón, acrecentado posteriormente co desenvolvemento do aproveitamento eólico e biomasa, e tamén coa construción de dous ciclos combinados de gas natural.

A potencia instalada fan de Galiza unha exportadora neta de electricidade como se pode comprobar na seguinte táboa:

Porén, e a pesar de que a xeración eléctrica leva aparellados uns moi importantes custos sociais e medioambientais, Galiza non tirou proveito desta actividade económica. Ao contrario, ao estar sometida a un marco regulatorio e tarifario común en todo o Estado español, ás decisións adoptadas polas empresas eléctricas que actúan en réxime de oligopolio a través dos seus centros de decisión afastados de Galiza, nunca recibiu vantaxes do aproveitamento dos seus recursos, mesmo sofre en ampias zonas do país unha deficiente calidade da subministración eléctrica. No que atinxe á homoxénea política tarifaria, hai que subliñar que a tarifa eléctrica que se paga en Galiza inclúe peaxes de solidariedade interterritorial, como é o caso dos custos extrapeninsulares (Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla) que, no ano 2013, foron de 1.800 millóns de euros, can-tidade pagada vía tarifas eléctricas.

No Estado español impúxose o criterio dun sistema eléctrico único e de tarifa única, prexudicial para Galiza ao tratar por igual aos consumidores dos distintos territorios, sen ter en conta a súa achega como produtores de enerxía. Porén, na nova Lei do Sector 24/2013, cuestiónase esa tarifa única, non con base nesas razóns de poder compensar vía tarifa os territorios que sofren os prexuízos ambientáis de produciren enerxía, senón para penalizar as CCAA que impoñan impostos ambientais, ao recollerse a posibilidade -aínda sen desenvolver, da creación de suplementos territoriais onde houber impostes propios á actividade eléctrica (como en Galiza). Isto é, queda aberta a posibilidade a que en Galiza paguemos aínda a electricidade máis cara por termos actividade de xeración no propio país. Como diciamos, fica totalmente pechada calquera posibilidade de termos unha tarifa propia que nos permita ter vantaxes en función de sermos un país produtor de enerxía, como acontece en diversos estados europeos onde existen tarifas diferenciadas por territorios.

Neste sentido, Galiza debe demandar unha tarifa máis baixa (unha redución nas peaxes do 30%), para que realmente exista un beneficio económico para o propio país, para favorecer o consumo doméstico dunha poboación que ten as pensións e os salarios entre os máis baixos do Estado español e, tamén, para posibilitar o seu crecemento industrial.

A política sobre a tarifa eléctrica do Estado é un exemplo de despropósitos, agravado pola filosofía da reforma enerxética aprobada en 2014 polo PP que se asenta na premisa de considerar a enerxía eléctrica como un ben de consumo ordinario, suxeito exclusivamente á

libre competencia e ao poder do reducido oligopolio de empresas eléctricas, no canto de considerar a electricidade un ben básico para a calidade de vida da persoas e do desenvolvemento económico, que debería estar intervido polo sector público e vetado a especulacións e negocios abusivos. Todo isto provoca que as tarifas eléctricas no Estado español sexan as terceiras máis caras para o consumo doméstico e as oitavas para o industrial, segundo unha comparativa de Eurostat sobre 30 estados europeos.

Isto débese a dúas cuestións. A primeira, as peaxes ou custos fixos do sistema, porque nelas se recollen cantídade de conceptos que non deberían estar soportados pola tarifa eléctrica, entre eles: custos extrapenínsulares, primas de capacidade, primas carbón español, moratoria nuclear, primas renovábeis, etc., partidas que debería estar nos orzamentos do Estado español. Sería máis xusto fiscalmente e rebaixarían o prezo final da tarifa eléctrica.

Tamén é relevante o prezo da electricidade no mercado maiorista (ou pool), que retribúe do mes-mo xeito -sempre ao prezo da máis cara, a todas as tecnoloxías de xeracíón que funcionan en cada hora do día, sen distinguir os custos reais de produción, o que provoca uns hiperbeneficios para determinados sistemas, en concreto a hidráulica e a nuclear, o que provoca unha suba artificial dos prezos.

O último exemplo desta errática política enerxética é a situación creada respecto de grandes consumidores en Galiza, grandes empresas situadas no noso país por ser a súa actividade dependente da electricidade que, durante anos se virón sometidas a continuos cambios regulatorios ditados desde Madrid, sen contar para nada eos intereses do país. Desde a supresión en 2009 da tarifa G4, que era específica para empresas como ALCOA, até a regulación do sistema de interrompiblidade, cuxo sistema de poxa anual implantado polo PP desde finái s de 2013, a través da nefasta reforma eléctrica, supon un modelo perverso pola súa cadencia anual, o que implica que moitas empresas non realizarán investimentos de modernización ñas súas factorías ao non teren un sistema tarifario estábel. Mesmo afecta á competencia leal, pois provoca que empresas do mesmo sector produtivo podan ter prezos moí diferentes de electricidade.

O escenario de tarifa eléctrica diferenciada, como diciamos anteriormente, non é o único que existe en Europa ou nos USA. Tamén no caso do Estado español, na actual proposta de peaxes eléctricos realizada polo Gobernó central, logo dun pacto co Gobernó de Euskadi, recolle o cambio de definición das redes de alta tensión para que teñan coluda unha parte moi significativa da rede de distribución vasca, que neste caso é singular, o cal vai permitir a partir de 2015 uns prezos máis baixos para a industria de EuskalHerria, nunha rebaixa que se estima nun 15% ñas peaxes e nun 12,5% no termo de enerxía.

No caso de Galiza, existen sobradas razóns para nos dotarmos dunha tarifa eléctrica propia que, ademáis, evite a nosa desindustrialización.

Por iso, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

Acordo

Instar á Xunta de Galiza a demandar do Goberno Español a creación dunha Tarifa Eléctrica Galega que, atendendo á condición de Galiza como excedentaria na produción

de electricidade, rebaixe as peaxes das tarifas nun 30%, tanto para o consumo doméstico como para as empresas.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo coa creación dunha tarifa eléctrica galega, e pregunta por qué un 30%.

(Regresa o señor Español Otero, 20:53 horas).

O señor Lomba Alonso di que a consideran máis idónea, pero se queren máis cantidade non teñen impedimento.

A señora Iglesias Ferreira tamén se preguntou por que un 30%. Di que están de acordo con algunhas das realidades descritas, pero faltan algunhas referencias que consideran importantes, como o custe do trasposrte da enerxía eléctrica, pois en Galicia é maior que noutras Comunidades Autónomas, pois o prezo no mercado ven afectado por elo. Cren que a día de hoxe non está aprobada a Orde de peaxes de 2015, e no caso do País Vasco,o que se estaá negociando son os niveis de tensión, non tarifa específica. Non van ser impedimento.

O señor Rodríguez González di que votarán a favor, non mira o fundamento claro, se ben se iso conleva beneficio para Galicia, están de acordo, se ben non entende ben o fundamento da moción.

Sometida a votación a moción foi aprobada por co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso e García Díaz (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores e Estévez Álvarez (sete abstencións).

RE nº 199 do BNG: Moción para realizar actividades que promovan o coñecemento da obra e do compromiso de Rosalía de Castro, a comezar pola súa defensa do galego.

(Sae o señor Rodríguez Amenedo, 21:00 horas).

A señora García Díaz da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN PARA REALIZAR ACTIVIDADES QUE PROMOVAN O COÑECEMENTO DA OBRA E DO COMPROMISO DE ROSALÍA DE CASTRO, A COMEZAR POLA SÚA DEFENSA DO GALEGO

Exposición de motivos:

O 24 de febreiro de 2015 cumprense 178 anos do nacemento de Rosalía de Castro, un día e un mes en que é preciso traballar, como o resto do ano mais de xeito máis intenso e planificado, para difundir unha obra e un pensamento con forte vixencia na actualidade e que pode coadxuvar a recuperar o orgullo de quen somos e o recoñecemento da nosa lingua como expresión xenuína do pobo galego. Lembremos que estamos a falar dunha escritora radical,

culta, feminista e comprometida co noso país, coas súas clases populares e eos sinais de identidade da Galiza, entre os que se conta o galego, hoxe especialmente ameazado.

Rosalía de Castro é non só a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas senón a que marcou o camino a seguir ao iniciar o proceso de recuperación de usos do galego co o9bxectivo de He devolver a dignidade de que fora desposuído. A publicación do seu libro *Cantares Gallegos,* o primeiro escrito integramente no noso idioma, sinala o inicio da restauración do uso escrito do noso idioma e o final de séculos de silencio e esquecemento. A recuperación literaria e lingüística da Galiza ten unha enorme débeda coa súa obra, que marca a ruptura da marxinalidade do galego e desafía a sociedade do seu tempo a través dun discurso de defensa da térra, da súa xente e dunha lingua que merce continuar a ser transmitida de xeración en xeración e ser utilizada en todos os ámbitos para contribuir, desde a súa especificidade, ao saber universal que tamén posúe a obra rosaliana.

Nuns tempos en que os datos obxectivos indican un alarmante descenso no uso do galego, a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos, en especial para as xeracións máis novas, poís nos seus textos achamos procedementos e argumentos para fomentar a utilización da nosa lingua, achegarse á nosa idiosincrasia e comprender a nosa identidade cultural. Compre, pois, aproveítar a reivindicación desta data para estendela a un mes de febreiro de firme e inequívoco compromiso co idioma, sumando todos os esforzos posíbeis para continuar o camino por ela iniciado para o galego se converter na lingua en que expresarmos todos os nosos sentimentos e emocións, en que desenvolvemos toda a nosa actividade profesional, en que achegamos o noso contributo á cultura universal.

Por todo isto, e seguindo as directrices dunha convocatoria xa consolidada pola Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega /AELG), proponemos ao Pleno Municipal deste concello, tras declarar, o 24 de febreiro Día de Rosalía, os seguintes **ACORDOS:**

1. **Emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra da nosa escritora que impliquen a veciñanza do noso concello ao longo do mes de febreiro. Entre estas actividades, xulgamos de interese promover, cando menos, as seguintes accións:**

   a) Pendurar nos balcóns das casas e das institucións bandeiras galegas, pancartas con versos de Rosalía debuxados, procurar espazos para realizar graffítis, muráis...

   b) Realizar lecturas públicas da obra rosaliana en lugares destacados do concello en que o alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural teñan o papel protagonista.

   c) Desenvolver unha serie de actividades para promover o coñecemento de actualizacións da obra rosaliana a través da música, o teatro, a literatura ou a danza, así como seminarios, mesas redondas e/ou conferencias sobre a súa obra e figura.

2. **Apoiar todas as iniciativas mobilizacións que se desenvolvan ao longo do mes de febreiro para reivindicar o futuro do noso idioma e a activación de medidas a prol do seu uso en todos os ámbitos.**

3. Solicitar da Xunta de Galiza unha mudanza na política lingüística desenvolvida até o momento, retomar o consenso e promover, nun prazo máximo de seis meses, mudanzas lexislativas substanciais guiadas pola activación de políticas lingüísticas a prol do galego."

A señora García Díaz di que é lóxico e natural que un pobo rinda homenaxes a figuras que o merecen, como neste caso, que é unha figura clave da nosa lingua.

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor.

O señor Fontenla Martínez di que recordan unha moción similar, e o concelleiro de cultura non a aprobou porque non lle gustaba que lle marcaran a axenda. Pensa que pode ser beneficioso, pero hai moitos puntos que non son competencia do Concello, polo que entenden que se deberá instar á Xunta, polo que non van aprobar a moción.

O señor Lomba Baz di que tampouco ven esta moción con moito adianto, as cousas leva tempo preparalas, hai cousas difíciles de facer. O punto primeiro o vai tomar como unha suxerencia.

(Regresa o señor Rodríguez Amenedo, 21:00 horas).

Continua o señor Lomba Baz e di que van votar a favor da moción, farán acción e verán se coinciden coas suxerencias, pensa que os promotores da moción poderían ser magníficos colaboradores, e propón reunirse a próxima semana.

A señora García Díaz alegráse do apoio, di que debe ser polo feito de ser agora candidato. Di que a concellería de cultura deberá ter a figura de Rosalía de Castro en conta, porque é como se a consellería de sanidade non tivera en conta a campaña contra a gripe.

O señor Lomba Baz di que el considera importante a figura de Rosalía e que discrepan noutras cuestións máis concreta.

O señor Alcalde pregunta se a moción supón declarar o día como día de Rosalía de castro, contestando a señora García Díaz que se fixo en Concellos veciños, e engadindo a señora Iglesias Ferreira que pensa que hai un acordo do Parlamento de Galicia de 2013 nese sentido.

Sometida a votación a moción foi aprobada por co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Lomba Alonso, García Díaz e ,Estévez Álvarez (once votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago e Fernández Ozores (seis abstencións).

RE nº 229 do BNG: Moción relativa á declaración de municipio oposto á aplicación do Tratado Transatlántico de Comercio e Investimento.

(Sae a señora Vicente Baz, 21:10 horas).

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

"MOCIÓN RELATIVA Á DECLARACIÓN DE MUNICIPIO OPOSTO Á APLICACIÓN DO TRATADO TRANSATLÁNTICO DE COMERCIO E INVESTIMENTO

Exposición de motivos

A Unión Europea (UE) e os Estados Unidos de América (EEUU) están negociando, de costas á cidadanía e ás persoas e institucións que a representan (parlamentos nacionais, estatais e europeo) un ampio acordo de liberalización de comercio e investimentos, que representa un serio perigo para a democracia e a debida protección dos dereitos sociais, laboráis, ambientáis e de saúde, antepondo o interese comercial de investidores e empresas transnacionais (ETN) ao interese xeral. O tratado estase a negociar de xeito secreto e, na actualidade, carecemos de documentos oficiáis (máis ala de filtracións) sobre o contido total das negociacións.
O TTIP, ao perseguir a liberalización total dos servizos públicos e a apertura de prestación destes ás ETN, así como ás compras e licita -cións de bens e servizos das Administracións Públicas, pon en perigo todos os servizos públicos e as compras públicas, en todos os niveis de poder, e compromete a habilidade dos/as representantes elixidos/as para administraren libremente as súas comunidades locais e promocionaren a industria, emprego e iniciativas locais.
Deste xeito, as leis do comercio priman sobre calquera outra consideración social e ignoran calquera lexislación, continental, estatal, nacional, rexional ou local. As comunidades locais atópanse dominadas por axustes estruturais restritivos debidos aos acordos e ás políticas de libre comercio e de protección do investidor. Esta lóxica desmantela os servizos públicos e suprime a liberdade dos poderes locáis para fornecer os servizos públicos e satisfacer as necesidades sociais das súas poboacións, atendendo a políticas e plans de desenvolvemento industrial e de fomento da industria e emprego locáis. Ao mesmo tempo, promove instrumentos non democráticos que garantan os beneficios económicos das empresas transnacionais, o que supon unha cesión da soberanía aos poderes económicos.
Por iso as administracións locáis, tanto por seren afectadas directas ao ser as canles axeitadas para promover os servizos públicos e a industria e emprego locais, como por promover na colectividade local o debate público e democrático sobre o que está verdadeiramente en xogo tras este Acordó, deben pronunciarse sobre o seu rexeitamento.

Por todo iso propoñemos a seguinte

MOCIÓN

1. Declarar este concello como Municipio insubmiso e libre do TTIP, defendendo os servizos públicos básicos para a solidariedade e redistribución social.
2. Solicitar do Ministerio de Administracións Públicas o seu apoio a todas as iniciativas dirixidas a manter o carácter público dos servizos básicos.
3. Instar ao Ministerio de Economía a que solicite que se faga pública toda a documentación en relación ao tratado, con base no Regula-mento 1049/2001 da Unión Europea.
4. Solicitar do Ministerio de Economía a suspensión das negociacións do TTIP."

O señor Lomba Alonso di que as cousas que se coñecen do tratado son perxudiciais para a sociedade.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

(Regresa a señora Vicente Baz, 21:12 horas).

A señora Iglesias Ferreira di que esta moción lles sorprende, non tiñan idea disto, a moción fala de "filtracións" pero non hai documentos nin nada oficial. Di que o Pleno non ten competencia, a moción xa o di,é competencia da Unión Europea, e o BNG ten representación alí. Di que é especular, se fala de " *manter o carácter público dos servicios básicos*", é especular, é raro e quere saber en que lles beneficia oponerse a este tratado por parte do Concello.

O señor Español Otero di que coincide coa señora Iglesias Ferreira, a moción por de manifesto a pouca información do BNG, dencuncian que é unha medida preventiva sobre algo que non existe, e propón ser insumisos ante algo que non se sabe. Só estarían dispostos a votar os puntos 2 e 3.

O señor Lomba Alonso di que a moción vai completa.

O señor Español Otero di que votarán en contra.

Sometida a votación a moción acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (tres votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago e Fernández Ozores (catorce votos en contra).

A moción non prospera.

<u>RE nº 247 de CONVERXENCIA GALEGA.</u>

A señora Estévez Álvarez da conta da seguinte moción:

"Distintos colectivos sociais e políticos, venen reclamando medidas para atende-los enfermos de HEPATITE "C", pofíendo en práctica e generalizando os novos tratamentos con antivirais que permiten a curación desta enfermedade, que afecta en España, o redor de 900.000 , das cales máis de 35.000 atópanse en estado crónico e das que morre unha media de 12 persoas por día.

Según as informacións do Gobernó de Mariano Rajoy de limitar a consignación presupuestaria para atender esta enfermedade ca aplicación dos novos tratamentos e medicamentos a tan só 125 millóns de euros, representa que só se poderá atender a 4.900 dos afectados, deixando sin esperanzas a inmensa maioría dos enfermos que seguirán padecendo as graves consecuencias da enfermedade.

Esta falta de presupostos, máis ben recortes económicos, que contrasta cas cifras millonarias cas que o Gobernó ten axudado ***"a fondo perdido os bancos e cateas de aforros, co diñeiro defraudado a Facenda Pública ou eos muitos millons que os políticos e empresarios corruptos teñen saqueado o diñeiro dos contribuintes ".***

Acceso inmediato o medicamento SOLVADI dentro da rede sanitaria pública para o tratamento e curación dos enfermos de Hepatite "C".

Un dos acontecementos mais importantes da Saúde Pública nos últimos anos foron os grandes avances no tratamento da hepatite crónica "C".

En setembro o Ministerio de Sanidade anunciou que estaba negociando co laboratorio GILEAD, para rebaixa-lo precio do medicamento nun 40%, polo que si o custo do tratamento é de arredor de 60.000 euros, pasaría a 25.000 euros, tamén anunciou a súa incorporación a rede pública sanitaria a partir do 1º de Octubro, do novo medicamento SOVALDI, producto de última xeneración e que acada unhas taxas de eficacia moi altas e con procentaxes de curación do 95%.

Por todo elo o Grupo Municipal de CONVERXENCIA GALEGA, ven a presentar ante o PLENO da Corporación a seguinte MOCIÓN:

1º.- Instar o Gobierno da Nación para que, a través do Ministerio de Sanidade, negocie as mellares condicións de financiación dos tratamentos dos pacientes con hepatite C ca industria farmacéutica.

2°.- Instar o Gobierno Autonómico a desenvolver un Plan contra a Hepatite C donde se sigan os protocolos de actuación que recomendados por expertos e científicos: Vixiancia epidemiolóxica, Prevención, Detección e Diagnóstico, Atención e tratamiento, Investigación, así como axudas sociais.

3°.- Instar o Gobierno a creación de protocolos clínicos que establezcan o acceso os pacientes con fibrosis moderada (F2) os tratamentos aprobados de triple terapia e acceso a tratamentos en uso compasivo para os pacientes con Hepatite C que podan ser subsidiarios de dito tratamento.

Dende CONVERXENCIA GALEGA, que en atención e respeto os moitos enfermos que sufren este grave enfermedade en A Guarda, Baixo Miño, Galicia e no resto do Estado, así como aos familiares dos mesmos que dunha ou doutra maneira tamén a sufren, que esta MOCIÓN sexa aprobada polos catro grupos que componen a Corporación, e polo tanto, pola unanimidade dos concelleiros e Alcalde, sumándose así as moitas voces que dende toda España esixen justicia para os enfermos de Hepatite C”

(Sae o señor Rodríguez González, 21:25 horas).

A señora García Díaz di que votarán a favor, hai que abordar o asunto con carácter máis xeral, e propoñen engadir dous puntos:

1.- Instar ó goberno galego para que inste ó goberno de España, para esixir que se garante ó acceso ás novas terapias ás persoas doentes de hepatite C que o precisaren. Todo isto de

acordo co criterio de médicos especialistas que deberán dispor de todos os recursos que sexan precisos para a tención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o estudo del fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade,Igualdade e Asuntos Sociais.

2.- Instar ó goberno galego a tomar as medidas para que a terapia dos novos fármacos para a hepatite C se dispensen nas farmacias hospitalarias para aqueles doentes ás que lles fora prescrita por persoal médico especialista do SERGAS de xeito inmediato á súa prescripción.

O señor Alcalde pregunta á voceira de Converxencia Galega se as acepta, contestando a señora Estévez Álvarez que si.

A señora Iglesias Ferreira di que lle parecen correctos os tres puntos, e di que o 14 de xaneiro polo Ministerio de Sanidade se elaborou un plan estratéxico sobre o tema.

(Regresa o señor Rodríguez González, 21:28 horas).

O señor Alcalde di que votarán a favor,pois no seu ánimo está quea todos aqueles enfermos se lles facilite coa maoir breviade posible o tratamento axeitado, e instar para iso ás Administracións Públicas competentes.

A señora Estevez Álvarez agradece o apoio.

A moción quedaría redactada como segue:

“Distintos colectivos sociais e políticos, venen reclamando medidas para atende-los enfermos de HEPATITE "C", pofíendo en práctica e generalizando os novos tratamentos con antivirais que permiten a curación desta enfermedade, que afecta en España, o redor de 900.000 , das cales máis de 35.000 atópanse en estado crónico e das que morre unha media de 12 persoas por día.

Según as informacións do Goberno de Mariano Rajoy de limitar a consignación presupuestaria para atender esta enfermedade ca aplicación dos novos tratamentos e medicamentos a tan só 125 millóns de euros, representa que só se poderá atender a 4.900 dos afectados, deixando sin esperanzas a inmensa maioría dos enfermos que seguirán padecendo as graves consecuencias da enfermedade.

Esta falta de presupostos, máis ben recortes económicos, que contrasta cas cifras millonarias cas que o Gobernó ten axudado *"a fondo perdido os bancos e cateas de aforros, co diñeiro defraudado a Facenda Pública ou eos muitos millons que os políticos e empresarios corruptos teñen saqueado o diñeiro dos contribuintes ".*

Acceso inmediato o medicamento SOLVADI dentro da rede sanitaria pública para o tratamento e curación dos enfermos de Hepatite "C".

Un dos acontecementos mais importantes da Saúde Pública nos últimos anos foron os grandes avances no tratamento da hepatite crónica "C".

Por todo elo o Grupo Municipal de CONVERXENCIA GALEGA, ven a presentar ante o PLENO da Corporación a seguinte MOCIÓN:

1º.- Instar o Gobierno da Nación para que, a través do Ministerio de Sanidade, negocie as mellares condicións de financiación dos tratamentos dos pacientes con hepatite C ca industria farmacéutica.

2°.- Instar o Gobierno Autonómico a desenvolver un Plan contra a Hepatite C donde se sigan os protocolos de actuación que recomendados por expertos e científicos: Vixiancia epidemiolóxica, Prevención, Detección e Diagnóstico, Atención e tratamiento, Investigación, así como axudas sociais.

3°.- Instar o Gobierno a creación de protocolos clínicos que establezcan o acceso os pacientes con fibrosis moderada (F2) os tratamentos aprobados de triple terapia e acceso a tratamentos en uso compasivo para os pacientes con Hepatite C que podan ser subsidiarios de dito tratamento.

4º.- Instar ó gobernó galego para que inste ó goberno de España, para esixir que se garante ó acceso ás novas terapias ás persoas doentes de hepatite C que o precisaren. Todo isto de acordó co criterio de médicos especialistas que deberán dispor de todos os recursos que sexan precisos para a tención dos casos definidos como de tratamento urxente pola Asociación Española para o estudo del fígado na súa recente reunión co Ministerio de Sanidade,Igualdade e Asuntos Sociais.

5º.- Instar ó goberno galego a tomar as medidas para que a terapia dos novos fármacos para a hepatite C se dispensen nas farmacias hospitalarias para aqueles doentes ás que lles fora prescrita por persoal médico especialista do SERGAS de xeito inmediato á súa prescripción.

Dende CONVERXENCIA GALEGA, que en atención e respeto os moitos enfermos que sufren este grave enfermedade en A Guarda, Baixo Miño, Galicia e no resto do Estado, así como aos familiares dos mesmos que dunha ou doutra maneira tamén a sufren, que esta MOCIÓN sexa aprobada polos catro grupos que componen a Corporación, e polo tanto, pola unanimidade dos concelleiros e Alcalde, sumándose así as moitas voces que dende toda España esixen justicia para os enfermos de Hepatite C"

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

(Sae a señora Estevez Alvarez, 21:27 horas).

RE nº 374 do BNG: Moción pola exclusión da prohibición de artes de deriva das artes artesanais que pescan en augas continentais e marítimas de Galiza.

O señor Lomba Alonso da conta da seguinte moción:

(Regresa a señora Estevez Alvarez, 21:28 horas).

"MOCIÓN POLA EXCLUSIÓN DA PROHIBICIÓN DE ARTES DE DERIVA DAS ARTES ARTESANAS QUE PESCAN EN AUGAS CONTINENTAIS E MARÍTIMAS DE GALIZA

1-Exposición de motivos:

Na Comisión europea estase debatendo unha proposta de Regulamento polo que se pretende prohibir a pesca con redes de deriva, modificar os Regulamentos (CE) n° 850/98 (CE), n° 812/2014 /CE), n° 2187/2005 e (CE) n° 1967/2006 do Consello e se derroga o Regulamento (CE) n° 894/97 do Consello. Isto pode supor a prohibición de artes ancestrais, sostibles, xeradoras de riqueza ñas nosas comunidades costeiras que se venen empregando en Galiza tanto na pesca da sardina, xeito, como na pesca do río: trasmallo do Miño, lampreeira, muxileira, varga da Solía, varga do muxo.

No argumentarlo esgrimido pola UE xustifica esta decisión en dous criterios:

1.- Pola utilización por parte de algunhas flotas de Europa de redes de deriva de gran tamaño de lonxitude e de malla que permanecen durante moitos días sen recoller o que ocasiona que moitas das especies protexidas como arroaces, tartarugas, tabeiróns, etc queden enmallados provocando a súa morte.

2.- Por ter sometido esta proposta a consulta no ano 2013 dos distintos gobernos, comunidades autónomas e organizacións sectoriais como as federacións de confrarías de pescadores sen que teñan recibido informacións ao respecto da incidencia que esta medida puidera ter para outras artes de deriva artesanais.
Isto evidencia con moita claridade como unha administración "supraestatal" ten competencias sobre os nosos recursos e como unha un uso irregular dunha arte nun recuncho de Europa, xa que a actual proposta ven provocada pola utilización da arte de deriva italiana "ferretara" que alcanza lonxitudes que chegan os 2,5 quilómetros, e causa a mortaldade de varias especies protexidas, provoca situación de indefensión e nos ameaza sen inmutarse coa desaparición de modelos tradicionais de subsistencia, de pura subsistencia como é a pescaría do xeito ou as artes empregadas nos ríos galegos.

A UE querendo recoller este espirito ambientalista, acaba provocando un auténtico terremoto ao non diferenciar pesca industrial da artesanal, nin pesca irregular da que se ven desenvolvendo dende fai séculos e dende unha visión puramente burocrática pretende impor unha normativa uniformizadora sen ter en conta as peculiaridades propias de cada país, no noso caso Galiza.

E en aras de cumprir supostas obrigacións internacionais, o Regulamento proposto pretendía establecer, en base ao santo criterio de precaución, a prohibición total de levar a bordo ou utilizar calquera tipo de rede de deriva a partir do 1 de xaneiro de 2015 en todas as augas da UE.

Pero tamén pon en evidencia que mentres o Estado español espreme as cativas competencias pesqueiras do noso País, e as centraliza, non ten rubor ningún en permitir que unha administración afastada dos pescadores cun BCE que non rende contas ante ningún órgano

democrático, lexisle sobre os nosos recursos e nos vena a dicir que a actividade que levamos desenvolvendo durante séculos é inadecuada e debe ser eliminada.

A segunda consideración é o modo de formular a consulta as diferentes administracións e aos colectivos sectoriais realizada dende marzo a setembro do 2013, onde quedou medianamente claro que nin a Xunta de Galiza, nin ao Magrama (Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente) lle preocupou o máis mínimo as medidas que se pretenden adoptar en Europa, pois ningunha informou sobre a incidencia que esta medida ten para as nosas artes de deriva. O que supuxo que a tramitación seguira o seu curso sen que lle preocupara o máis mínimo a quen nos goberna e ostentan as competencias en pesca, as consecuencias das decisións adoptadas na UE, como así o ven de confirmar a Comisión Europea recoñecendo: "que os contactos celebrados coa delegación de representantes do xeito organizada polo BNG o pasado mes de decembro foron determinantes para obter información sobre as consecuencias de incluir a esta arte de pesca artesanal na prohibición de redes de deriva e corrixir esta decisión".

Segundo a Comisión esta reunión brindou a oportunidade de avaliar os efectos que podería ter a prohibición nos operadores afectados, así como analizar a información adicional sobre a utilización das redes de deriva en Galiza, asegurando que seguirán solicitando información para axustar a proposta a realidade da actividade.

Esta falta de información tamén acontece coas actividades pesqueiras desenvolvidas nas augas continentais de Galiza na que existen diferentes artes de deriva como o "trasmallo do Miño" de tres panos cunha malla de 140 mm; a "lampreeira" de tres panos con malla de 70 mm; a "muxileira" dun só paño cunha malla de 70 mm; a "varga da solía", de tres panos cunha malla de 70 mm ou a "varga do muxo", tamén de tres panos cunha malla de 80 mm que ninguén informou de que existen nin a ninguén He pre-ocupou que poidan prohibirse. Artes todas moi selectivas que pescan especies moi concretas e cuxa actividade é de pura subsistencia ou complementaria doutro tipo de emprego para poder alcanzar unha renda digna, pois nin o período de pesca nin a cantidade de especies capturadas permite vivir exclusivamente deste oficio.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte **ACORDO**

- Que o Concello de A GUARDA apoie as reivindicacións dos nosos pescadores reclamando que a UE deixe de lexislar sobre as actividades pesqueira artesanais. Unha competencia que debe ser exercida únicamente polos galegos, dado que se realiza nos nosos ríos e no noso litoral.

- Reclamar do Goberno español e da Xunta de Galiza as xestións e negociacións oportunas para que na proposta de prohibición de artes de deriva que se debate neste momentos na Comisión europea se exclúan as artes artesanais e nominalmente as galegas que pescan no mar como o xeito, e as que pescan en augas continentais como: o trasmallo do Miño,lampreeira, muxileira, varga da Solía e varga do Muxo.

- Esixir a Xunta de Galiza que exerza as súas competencias en augas interiores e en augas territoriais e que non permita que administracións alongadas de toda realidade como a europea ou

a española se atribúan competencias para lexislar sobre as nosas artes de pesca e os nosos recursos."

O señor Lomba Alonso di que os pescadores do Miño estaban alarmados e quere recordar que una soa eurodiputada do BNG traballou e se moveu polo país, e puxo isto en coñecemento, quen se moveu foi o BNG, que non lle digan que foi o PP quen se moveu.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor, se ben hai algo do apartado resolutivo co que non están de acordo, pois no noso Concello non só ten competencias a Xunta senón tamén o Estado español.

O señor Fontenla Martínez di que aprobarán a moción, se ben hai moitos puntos cos que non están de acordo, pois a xurdisdicción en augas non é excluiva da Xunta, e dubidan de que alguna das artes mencionadas será considerada rede de deriva.

O señor Alcalde di que van apoiar a moción, e quere significar que a mociòn do xeito a trouxo o GMS, e non caíron na conta de que esa normativa afectaría ós pescadores do Miño. Di que el foi alertado polo Alcalde de Caminha, e fixeron o que estivo nas súas mans, se entrevistou co Comandante Naval do Miño e falou cos seus parlamentarios en Bruselas, pois as primeiras noticias de Portugal eran alarmantes en relación coa prohibición deste tipo de pesca, se ben o que se aprobaba era unha resolución dun responsable de pesca na UE, e isto leva un proceso e non estaba aprobada, e afortunadamente non se deron os pasos para aprobalo. Piden que todos os parlamentarios fagan oir esa petición.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Álvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

RE nº 482 do BNG: Moción para demandar a creación dos Consellos de Saúde das áreas sanitarias.

A señora García Díaz da cotna da seguinte moción:

"MOCIÓN PARA DEMANDAR A CREACIÓN DOS CONSELLOS DE SAÚDE DAS ÁREAS SANITARIAS

Exposición de motivos:

O desmantelamento do sistema sanitario público da Galiza é unha constante, é a folla de ruta do PP á fronte do Goberno galego.

A día de hoxe a sanidade pública recibe menos orzamento, un recorte de máis do 12% desde o ano 2009, menos medios, presenta listaxes de espera disparadas... Todo isto implica menos saúde pública, confirma o traslado do gasto sanitario ás persoas doentes. O goberno galego

recorta en infraestruturas e manten a estratexia de privatización da sanidade pública. A Xunta entregou xa a empresas privadas -na súa maioría multinacionais, algunha vinculada a fondos financeiros- e de fóra de Galiza unha parte considerábel dos servizos da rede do Sergas. Padecemos un recorte do 21% na atención primaria desde a chegada de Feijóo á Presidencia, a pesar de ser a porta de entrada na sanidade, con case 3.000 profesionais menos, desde a aplicación da taxa de reposición no ano 2010, sometidos/as a un recorte salarial do 30%. A esta redución ha¡ que acrecentar o peche de case 400 camas, o abandono e deteriora das infraestruturas sanitarias e a non construción doutras comprometidas, como o Hospital do Saines e 15 centros de saúde ao longo de todo o país que carecen de consignación orzamentaria da Xunta.

Esta situación provoca a reacción da cidadanía a través de iniciativas nas institucións que presentan as forzas políticas, como o BNG, ou organizada na Plataforma SOS Sanidade Pública para deter a política de recortes e privatizacións que impulsa o actual Goberno Galego e co fin de garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas. Porque a sanidade pública constitúe -xunto co ensino e os demais servizos públicos- un elemento básico do Estado Social e un claro indicador de equidade e solidariedade, por iso estamos todas e todos comprometidos na mellora deste servizo público, incrementando a capacidade resolutiva en atención primaria como instrumento de achegamento dos servizos de saúde ao territorio e para lograr a redución dos tempos de espera hospitalaria.

A Lei 8/2008 do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, recolle no seu preámbulo e no texto articulado, a participación social co obxectivo de incorporar a visión e a percepción da sociedade no deseño e funcionamento nos proxectos asistenciais e na garantía de dereitos.

Así, no artigo 25 da lei, recóllese a participación territorial a través dos consellos de saúde de área, reflectindo a súa composición e competencias, integrados polos concellos comprendidos na área sanitaria correspondente, agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria, organizacións sindicáis e empresariais máis representativas, cargos designados pola Xunta de Galiza e asociacións de pacientes.

Lamentabelmente, a partir da entrada en vigor desta lei os consellos foron constituíndose nas áreas sanitarias, mais a negativa da Xunta de Galiza a convocalos provocou o seu esmorecemento ou a súa desaparición.

A actual situación de deterioro da sanidade pública obriga a necesaria revitalización dos consellos de saúde de área para facer posíbel a participación social que obrigue a Administración sanitaria e o goberno da Xunta de Galiza a escoitar as alternativas e suxestións da cidadanía galega para mellorar este servizo público esencial para os galegos e as galegas.

Por iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal, a adopción do seguinte

ACORDO

- Demandar da Xunta de Galiza a constitución e convocatoria dos consellos de saúde de área para cumprir coa participación social e territorial da cidadanía, tal como sinala a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galiza, para que se escoiten as alternativas e achegas das galegos e dos galegos para mellorar este servizo público esencial.

- Trasladar este acordó ao Presidente da Xunta de Galiza, titular da Consellaría de Sanidade e grupos parlamentares do Parlamento galego."

A señora García Díaz recorda que os Consellos de Saúde son una ferramenta especial e tiveron tempo para convocalos.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor de todo o que sexa mellorar a sanidade.

A señora Iglesias Ferreira di que están a favor dos puntos 1 e 2, pero discrepan totalmente das afirmacións do argumentario, e queren que conste en acta. Di que é necesario adaptar os órganos existentes ó novo modelo, distribuíndose de acordo coa nova estructura e coa noa lei.

A señora Magallanes Álvarez di que votarán a favor, a saúde é un tema que nos afecta a todos, xunto coa educación, e a participación cidadana nestes Consellos é importante.

Sometida a votación a moción foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, González Verde, Vicente Santiago, Fernández Ozores, Lomba Alonso, García Díaz e Estévez Álvarez (dezasete votos a favor).

PUNTO 8º- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DE CONVERXENCIA GALEGA.

A señora Estévez Álvarez di que as presentará por escrito.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG.

O señor Lomba Alonso fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga o arranxo dos exteriores do Colexio Manuel Rodríguez Sinde, pois hai un socavón na rúa e se trata dun tema serio.

O señor Alcalde di que houbo una grúa ali depositada, se instou e pasou o tempo,se deu orde para dar os pasos para incautar o aval, para que o Concello faga as obras.

2.-Pregunta polos arranxos na pista de skate e se van a tomar medidas.

O señor Español Otero di que é certo que se empezou a arrnaxar, non é o mellor momento de persoal, hai que seguir, non se fixo o que deberán ter feito.

O señor Lomba Alonso pide dilixencia.

3.- Pregunta se fixeron a nota pública en apoio dos emigrantes retornados.

O señor Alcalde di que non se conseguiu o visto bo de todos os grupos, nun segundo correo houbo dous grupos que si, e intenta que o outro grupo estea de acordó, pero se non o logra irá cos que ten o acordo.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP.

A señora Iglesias Ferreira fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga a revisión das farolas do Castelo de Santa Cruz.

O señor Rodríguez González di que están nelo, se repararon xa.

2.- Pide a revisión dunha arqueta en Mariano Ordóñez, que está tapada con terra e herba.

3.- Fai referencia a uns canalóns rotos nesa mesma rúa, e se deben instar ós vecinos.

4.- Di que existe unha aglomeración de xente na rúa Galicia entre Domínguez Fontenla e Vicente Sobrino na entrada dos colexios, se xunta moita xente.

O señor Rodríguez González di que hai un problema de visulaización para os que saen de Vicente Sobrino, esa parada se fixo case exclusiva para os nenos, pero lle darán unha volta.

5.- Hai contedores sen suxeicción, algúns en Camposancos non teñen, pide que se revisen.

O señor Rodríguez González di que se están revisando, e se están poñendo e pedindo.

6.- Hai falta de sinalización na rotonda de Xesuitas.

O señor Rodríguez González di que se deron ordes.

7.- Di que a porta do vertedoiro está pechada e non sabe quen o manexa.

O señor Español Otero di que a parcela é propiedade da Comunidade de Montes, eles limparon, pero neste momento non sabe, a clausura a levou a cabo o Concello, e expirou o prazo para mantelo.

8.- Di que hai socavóns en Salgueiró.

O señor Español Otero di que se vai facer unha obra, anchear o camino na saída ó cemiterio e quere agradecer ós propietarios que cederon, e se fará o retranqueo.

Intervén o señor Español Otero para falar un nome do GMS sobre unha serie de escritos presentados por Converxencia Galega entre o anterior Pleno e este, a producción de escritos é ampla, e quería pedir unha aclaración a Converxencia Galega, pois ten dubidas sobre os escritos que presenta a señora Estévez Álvarez, pois entende que coñece os escritos porque son seus. Quere facer unha denuncia pública e reprobar públicamente a linguaxe soez, barriobaxeira e insultante que utiliza, que non é propia das relación entre concelleiros, non é propio dunha persoa que representa ó pobo. Calificativos impropios como “ el perro de su

amo", " muchachos de Pauli" o " forzas de liberación nacional", ou "axente 06", referidos á nosa Policía Municipal; falan de funcionarios que cobran sen obrigar ó señor Alcalde a cumprir a lei; falan de " efluvios etílicos", " orquesta"…, burlándose da capacidade dos traballadores. Están de acordo co dereito a exercer a oposición, pero con respecto, se pode criticar sen entrar no insulto, algo que lle recorda a un concelleiro anterior. LLe pide que lles diga de todo, pero sen insultar ó equipo de gobernó, e di que o sinte por ela, lle pregunta se veu a algún membro do equipo de goberno borracho. Sabe que ela asinou os escritos, pero non os escribiu, e pide responsabilidade para alguén que asina o que lle escriben. En relación cos escritos referentes á Policía Municipal, lle deron voltas e non acaban de saber que é o que piden, e se o que queren é que poñan na rúa ós Policías que non teñan o título.

A señora Estévez Álvarez pide que se regularice a súa situación.

O señor Español Otero di que os que son funcionarios o van seguir sendo e cando se xubilen, esa prazas se clasificarán no grupo correspondente e coa correspondente titulación. En relación cos que " cobran sen facer o seu traballo", isto é moi duro, non sabe a pretensión última dalguns escritos.

En relación con que o arquitecto técnico muncipal redacta os proxectos do Concello, efectivamente é asi, os redacta para quen lle paga.

Finalmente lle dí á señora Estévez Álvarez que sinte ter que facer intervencións deste tipo, que a el lle sonroxan moito máis que a ela

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo ás vinte e dúas horas e dez minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre